

Consello de Contas
de Galicia



**ACTUACIÓNS PARA A
UNIDADE DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN**

EXERCICIO 2018

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	3
II. EIXE 1: COLABORACIÓN NA IMPLEMENTACIÓN DE SISTEMAS DE PREVENCIÓN....	4
III. EIXE 2: ASESORAMENTO INSTITUCIONAL	5
IV. EIXE 3: SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN.....	6
IV.I PROTOCOLOS DE COLABORACIÓN	6
IV.II ACTIVIDADES FORMATIVAS	6
IV.III CONCIENCIACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.....	7

I. INTRODUCCIÓN

No primeiro ano de vixencia da Lei 8/2015, que outorgou ao Consello competencias en materia de prevención da corrupción, a Institución atendeu as tarefas de carácter interno e instrumental necesarias para o desenvolvemento das novas funcións, como a constitución da Sección de Prevención da Corrupción, o desenvolvemento regulamentario da súa estrutura, organización e réxime de funcionamento, e mesmo o estudo do procedemento de xestión de denuncias presentadas ante o Consello de Contas.

No exercicio 2017 as actuacións centráronse fundamentalmente no desenvolvemento organizativo e estratéxico da nova atribución.

Dende o punto de vista **organizativo**, unha vez constituída a Sección de Prevención da Corrupción, puxéronse en marcha a Unidade de Prevención da Corrupción, para dar apoio administrativo á dita Sección e garantir a súa operatividade, e a Comisión Técnica de Prevención da Corrupción á que corresponderá a homoxeneización dos criterios de actuación.

Dende o punto de vista **estratéxico** elaboráronse dous documentos de carácter xeral, aprobados pola Sección en sesión celebrada o 20 de decembro de 2017, nos que se recollen, respectivamente, a estratexia a desenvolver pola Institución en materia de prevención da corrupción e as directrices técnicas para a avaliación do control interno nas entidades públicas.

Coa aprobación destes documentos iníciase unha nova fase nos traballos, que se desenvolverá ao longo do exercicio 2018 e que terá como obxectivo principal a diagnose da situación dos sistemas de control interno e a posta a disposición de metodoloxías técnicas de aplicación práctica.

O presente borrador elabórase en resposta ao requirimento da Sección de Prevención da Corrupción que, en sesión celebrada o 20 de decembro de 2017, acordou instar da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción a elaboración dun borrador de documento no que se enumeren as tarefas concretas a desenvolver durante o ano 2018 no marco do programa de actividades aprobado pola Sección para acadar estes obxectivos.

A continuación relaciónase as actividades que se prevé realizar dentro de cada un dos eixes de actuación definidos no documento *Estratexia en materia de prevención da corrupción*.

II. EIXE 1: COLABORACIÓN NA IMPLEMENTACIÓN DE SISTEMAS DE PREVENCIÓN

Neste eixe de actuación, a estratexia a seguir polo Consello de Contas pasa polo establecemento nas entidades públicas dunha política de integridade institucional (normas, procesos e órganos que preveñan as condutas inadecuadas), a identificación das actividades e riscos susceptibles de actos de corrupción, a adopción de medidas para minimizalos e a realización de actividades de control para a súa supervisión. O obxectivo é que todos estes elementos se plasmen nun programa ou plan de prevención da corrupción.

Con esta finalidade, no exercicio 2018 traballárase na elaboración de dous documentos diferenciados que serán claves para o desenvolvemento do posterior traballo das áreas e que recollerán, por unha banda, a metodoloxía aplicable en materia de prevención de riscos e, por outra, o catálogo dos riscos recorrentes no sector público autonómico. Así mesmo, no ámbito da Institución deseñárase, a modo experimental, un modelo de plan de prevención de riscos para o Consello de Contas. Estes traballos concretáranse, seguindo a mesma sistemática de referencia numérica que nos traballos anteriores, na elaboración dos seguintes documentos:

- Documento nº 4: Metodoloxía de avaliación de riscos

Calquera entidade pública é vulnerable aos riscos de corrupción, por iso na construción da integridade institucional é indispensable asegurarse de que se constitúan modelos de organización e xestión que inclúan medidas de vixilancia e control idóneas para previlos ou reducilos de xeito significativo.

Neste contexto, e tomando como referencia a lexislación nacional, autonómica e local así como as mellores prácticas a nivel internacional, o documento que se elabore terá como obxectivos principais os seguintes:

- Sensibilizar e alertar ás entidades que integran o sector público autonómico sobre a importancia de identificar e xestionar adecuadamente os riscos aos que se enfrontan, entre eles os de corrupción.
- Ser unha ferramenta útil que lles axude a establecer procedementos para analizar e rexistrar eses riscos, avalialos conforme ao seu impacto e probabilidade de ocorrencia, asignar responsables específicos e adoptar as medidas correctoras oportunas.

- Documento nº 5: Catálogo de riscos en actividades con especial incidencia

Neste documento recollerase a relación dos riscos que de acordo coa experiencia fiscalizadora do Consello de Contas son recorrentes no sector público autonómico, así como as medidas correctivas que se propoñen para dar resposta a aqueles. En particular, prestarase especial atención a aquelas actividades que pola súa propia natureza son máis susceptibles de dar lugar a actos corruptos, como a contratación ou a concesión de subvencións públicas.

- Documento nº 6: Modelo de plan de prevención de riscos do Consello de Contas

As novidades normativas derivadas da Lei 8/2015, de reforma da Lei 6/1985, do Consello de Contas, e da aprobación de Regulamento de réxime interior, obrigan a abordar determinados aspectos organizativos, de planificación e procedemento entre os que se prevé o desenvolvemento do plan estratéxico da Institución.

Unha vez establecidos os obxectivos estratéxicos, será necesario identificar os riscos que poden comprometer o seu logro a través dun plan de prevención de riscos de xestión que inclúa, ademais, os riscos de corrupción e as medidas para abordalos.

O modelo de plan será elaborado pola Unidade de Prevención da Corrupción, en colaboración coas diferentes áreas e coa Secretaría da Institución.

III. EIXE 2: ASESORAMENTO INSTITUCIONAL

Entre os novos cometidos da función de prevención da corrupción figura o asesoramento ao Parlamento, á Administración autonómica e ás Administracións suxeitas ao ámbito de actuación do órgano de control externo sobre os instrumentos normativos ou internos en materia de prevención da corrupción, o que inclúe a facultade de elevar a estes órganos propostas e recomendacións sobre estes instrumentos. De cara a esa finalidade, as actuacións previstas neste ámbito para o exercicio 2018 centraranse na análise e, no seu caso, valoración dos instrumentos de prevención (códigos éticos) e plans remitidos ao Consello de Contas en materia de prevención

IV. EIXE 3: SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN

O terceiro ámbito de actuación comprenderá as accións de sensibilización para reforzar a implantación de mecanismos efectivos de prevención da corrupción e as actuacións de concienciación e participación cidadá a favor da transparencia e o comportamento ético.

IV.I PROTOCOLOS DE COLABORACIÓN

Os protocolos de colaboración configúranse como instrumentos para o establecemento dun marco xeral que garanta o desenvolvemento eficaz das novas funcións de prevención.

Neste sentido, as previsións de traballo para o exercicio 2018 incluírán o impulso da sinatura dos protocolos de colaboración seguintes:

- Protocolo de colaboración coa Xunta de Galicia (que incluíría o sector institucional, organismos autónomos, Sergas, sociedades, etc.).
- Protocolo de colaboración coas Deputacións Provinciais.
- Protocolo de colaboración para a prevención da corrupción coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAM).
- Protocolo de colaboración coa Fiscalía Superior de Galicia.

IV.II ACTIVIDADES FORMATIVAS

A formación constitúe unha ferramenta clave no proceso de sensibilización das organizacións para promover cambios na súa cultura ética. No exercicio 2018 prestarase especial atención aos aspectos relacionados coa análise de riscos e co deseño de plans de prevención da corrupción. En concreto, prevese a organización das seguintes actividades formativas:

- Curso sobre conceptos básicos de prevención da corrupción.
- Curso sobre análise de riscos de corrupción e deseño de plans de prevención.
- Actuacións internas de divulgación sobre o código ético da institución.
- Visitas institucionais para coñecer os traballos que se están a realizar en materia de prevención da corrupción (Tribunal de Contas de Portugal, Oficina Antifraude de Cataluña...).

IV.III CONCIENCIACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

No ámbito da sensibilización, concienciación e participación cidadá a favor da transparencia e o comportamento ético, as actuacións previstas para o exercicio 2018 son as seguintes:

- Convenio coa Consellería de Cultura e Educación para a inclusión de unidades didácticas sobre a cultura da integridade en centros educativos con optativas que se presten a esta materia nos dous últimos anos de ESO e no bacharelato.
- Divulgar no ámbito empresarial a necesidade de establecer mecanismos de autorregulación que eviten prácticas irregulares na contratación pública.